



| Guía Docente          |   |                    |                       |          |
|-----------------------|---|--------------------|-----------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                       | 2018/19  |
| Asignatura (*)        | Teoría da educación   | Código             | 652G03001             |          |
| Titulación            | Grao en Educación Social  |                    |                       |          |
| Descritores           |   |                    |                       |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                  | Créditos |
| Grao                  | 1º cuatrimestre   | Primeiro           | Formación básica      | 6        |
| Idioma                | CastelánGalego  |                    |                       |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                       |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                       |          |
| Departamento          | Pedagogía e Didáctica   |                    |                       |          |
| Coordinación          | Rouco Ferreiro, Javier Francisco  | Correo electrónico | javier.rouco@udc.es   |          |
| Profesorado           | Malheiro Gutiérrez, José Manuel   | Correo electrónico | jose.malheirog@udc.es |          |
|                       | Rouco Ferreiro, Javier Francisco  |                    | javier.rouco@udc.es   |          |
| Web                   |   |                    |                       |          |
| Descrición xeral      | A materia presenta un percorrido polas principais correntes pedagóxicas contemporáneas, desde unha perspectiva teórica, antropolóxica, política e social, para comprender as chaves da acción educativa. O obxectivo é coñecer e reflexionar sobre os contextos que interveñen e posibilitan (ou non) a educación. O enfoque da materia é práctico-reflexivo, no que se teñen que aplicar os coñecementos teóricos na análise da realidade, identificando as características máis salientables de cada proposta teórica en prácticas socioeducativas reais. |                    |                       |          |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A1                                  | Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.  |
| A2                                  | Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.   |
| A3                                  | Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.   |
| A4                                  | Distinguir os estadios evolutivos das persoas, e interpretar as súas implicacións educativas.  |
| A5                                  | Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.   |
| A7                                  | Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa.  |
| A9                                  | Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.  |
| A11                                 | Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.  |
| A13                                 | Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación elementais aplicables aos diferentes campos de intervención.   |
| A16                                 | Comprender a traxectoria da Educación Social e a configuración do seu campo e identidade profesional.  |
| B2                                  | Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.   |
| B3                                  | Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.   |
| B4                                  | Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.  |
| C1                                  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C4                                  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6                                  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |

| Resultados da aprendizaxe |                                     |
|---------------------------|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |
|                           |                                     |



|   |                                   |                |          |
|---|-----------------------------------|----------------|----------|
| Saber analizar e interpretar a influencia das distintas correntes pedagóxicas nas prácticas socioeducativas presentadas a través de documentos, películas e material audiovisual  | A2<br>A3<br>A5<br>A11<br>A16      | B2<br>B3       | C1<br>C6 |
| Saber recoller información sobre unha práctica socioeducativa real, seleccionar e sintetizar os aspectos máis relevantes da mesma e analízala de forma crítica, a través da influencia das distintas correntes pedagóxicas estudadas na materia. Expoñer con rigor e claridade os resultados da análise | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5<br>A11 | B2<br>B3       | C1<br>C6 |
| Aprender a traballar en equipo, a facer o seguimento do traballo e a avaliación/autoavaliación do mesmo. Aprender a facer un diario e actas das reunións.   | A7<br>A13                         | B2<br>B3       | C1       |
| Ser capaz de introducir a perspectiva da cidadanía global na planificación, no deseño de propostas educativas e na avaliación   | A1<br>A9<br>A11<br>A16            | B2<br>B3<br>B4 | C1<br>C4 |

| Contidos   |   |
|--|---|
| Temas  | Subtemas  |
| 1. Concepto de Teoría da educación                           | 1.1. Concepcións actuais da educación: a educación como ámbito, como sistema e como proceso<br>1.2. Teoría e práctica da educación: suxeitos, axentes e organizacións educativas<br>1.3. Culturas educativas e culturas escolares |
| 2. O movemento da Pedagogía liberal e a Escola Nova          | 2.1. Antecedentes e precursores<br>2.2. Teorías, métodos e aportacións<br>2.3. Algúns representantes: Rousseau, Tolstoi, Montessori, Decroly, Freinet e Dewey   |
| 3. A Pedagogía libertaria e o movemento antiautoritario      | 3.1. A liberdade como principio e fin<br>3.2. Algúns representantes: Ferrer Guardia e Neill   |
| 4. A Pedagogía socialista-marxista e pedagogía institucional | 4.1. Escola, traballo e reprodución socioeconómica<br>4.2. Algúns autores: Marx, Engels, Makarenko e Gramsci  |
| 5. A Pedagogía liberadora e a desescolarización              | 5.1. A educación como concienciación e como instrumento de liberación<br>5.2. Algúns autores: Freire, Illich e Milani   |
| 6. Da escola comprensiva ao neoliberalismo educativo         | 6.1. A ensinanza comprensiva<br>6.2. Neoliberalismo e educación<br>6.3. A escola de Frankfurt e a Pedagogía crítica<br>6.4. Algúns autores: Apple, McLaren e Giroux   |
| 7. Educación, globalización e cidadanía global               | 7.1. Educación no século XXI<br>7.2. Desenvolvemento humano sostible: retos educativos<br>7.3. Educación para unha cidadanía global   |

## Planificación



| Metodoloxías / probas         | Competencias / Resultados                       | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|-------------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Aprendizaxe colaborativa      | A1 A2 A3 A4 A5 A16<br>B2 B3 B4 C1 C6            | 5                                       | 20                      | 25           |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A3 A16 B2 B3<br>C1 C6                     | 5                                       | 15                      | 20           |
| Discusión dirixida            | A2 A3 A5 A7 A16 B3<br>C1 C6                     | 10                                      | 10                      | 20           |
| Lecturas                      | A1 A2 A3 A16 C1 C6                              | 5                                       | 10                      | 15           |
| Presentación oral             | A3 A4 A5 A16 B2 B3<br>C1 C6                     | 10                                      | 0                       | 10           |
| Sesión maxistral              | A1 A2 A5 A11 A16 B2<br>C4                       | 20                                      | 0                       | 20           |
| Traballos tutelados           | A1 A2 A3 A4 A5 A9<br>A11 A13 A16 B2 B3<br>C1 C6 | 5                                       | 15                      | 20           |
| Atención personalizada        |   | 20                                      | 0                       | 20           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                  |  |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías                  | Descrición   |
| Aprendizaxe colaborativa      | O traballo en grupo e o diálogo serán centrais no proceso de aprendizaxe.  |
| Análise de fontes documentais | O alumnado debe manexar e analizar fontes documentais primarias e secundarias no desenvolvemento das tarefas propias da materia.   |
| Discusión dirixida            | Participación nas propostas de análise de películas e vídeos sobre prácticas educativas, relacionando os contidos coa materia.<br>Defensa en grupo dun dos libros obrigatorios.              |
| Lecturas                      | Lectura dos documentos que complementan as exposicións de aula e dun dos tres libros propostos como obrigatorios. As lecturas, ademais, teñen que quedar reflectidas nos traballos de grupo. |
| Presentación oral             | Dunha autora ou autor dalgún dos movementos estudados na aula.<br>Das ideas máis interesantes que se abordan no libro de carácter obrigatorio.   |
| Sesión maxistral              | Exposición dos contidos da materia utilizando distintos recursos e plataformas de aprendizaxe  |
| Traballos tutelados           | Traballo final en pequeno grupo que está coordinado cos contidos a tratar na materia de Deseño e recensión/defensa dun libro escollido entre os propostos.                                   |

| Atención personalizada  |   |
|---|---|
| Metodoloxías  | Descrición  |
| Aprendizaxe colaborativa<br>Discusión dirixida<br>Traballos tutelados | Para a realización dos traballos propostos realizárase un seguimento tanto nas sesións de aula como nas titorías. |

| Avaliación               |                                      |   |               |
|--------------------------|--------------------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías             | Competencias / Resultados            | Descrición  | Cualificación |
| Aprendizaxe colaborativa | A1 A2 A3 A4 A5 A16<br>B2 B3 B4 C1 C6 | Actitude de colaboración e asunción de responsabilidades no traballo. | 10            |



|                               |   |   |    |
|-------------------------------|---|---|----|
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A3 A16 B2 B3<br>C1 C6                     | Será central para poder ir achegándose aos contidos da materia e para poder ir plantexando dúbidas durante as sesións de clase. Asimemo, reflectirase nos traballos do cuadrimestre.  | 20 |
| Lecturas                      | A1 A2 A3 A16 C1 C6                              | Dos libros obrigatorios e dos documentos. O aproveitamento das lecturas avaliarase mediante a oportuna aplicación das mesmas no desenvolvemento da materia e os traballos indicados.  | 10 |
| Presentación oral             | A3 A4 A5 A16 B2 B3<br>C1 C6                     | Do libro elixido entre os 3 obrigatorios para debater na aula (individual) e do traballo grupal.<br>Terase en conta a claridade na exposición, a profundidade dos contidos e o manexo do tempo de exposición.   | 10 |
| Traballos tutelados           | A1 A2 A3 A4 A5 A9<br>A11 A13 A16 B2 B3<br>C1 C6 | Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Basease en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.<br><br>Os traballos non poden conter plaxios. Unha vez detectados o traballo será invalidado. | 30 |
| Sesión maxistral              | A1 A2 A5 A11 A16 B2<br>C4                       | Asistencia e participación nas propostas de aula  | 20 |

#### Observacións avaliación

As persoas que asisten asiduamente (80-100% de asistencia) serán avaliadas polos:

1. Traballos realizados nas sesións de aula así como os propostos para realizar de forma individual ou en grupo
  2. Exposición dos traballos de grupo e participación nos debates
  3. Traballo final de grupo
  4. Defensa oral dun dos libros obrigatorios e entrega das 3 ideas principais (desenvolvidas e argumentadas) dos outros 2 libros obrigatorios expostos polos compañeiros
- As persoas que non asistan de forma continuada a clase (menos do 80% de asistencia) deben solicitar con antelación no Decanato para superar a materia a través dos seguintes traballos:
1. Recensións de 2 dos 3 libros indicados. O traballo de recensión debe contar cunha breve referencia ás autor/as, a síntese das ideas principais de cada capítulo, a conclusión no que se relación os obxectivos do libro coas aportacións finais, e un comentario-crítico (persoal) do texto leído.
  2. Analizar a influencia das distintas corrientes educativas traballadas na aula na película "Hoy empieza todo" (que pode visionar na biblioteca da Facultade)
  3. Xustificar as influencias teóricas no traballo tutelado de investigación en grupo.
  4. Examen final con material

#### Fontes de información



## Bibliografía básica

- COLOM, Antoni J. (2002). La (de)construcción del conocimiento pedagógico: nuevas perspectivas en teorías de la educación. Madrid: Paidós
  - GARCÍA ARETIO, Lorenzo, Marta RUIZ CORBELLA e Miriam GARCÍA BLANCO (2009). Claves para la educación. Actores, agentes y escenarios en la sociedad actual.. Madrid: Narcea
  - MUÑOZ RODRÍGUEZ, Jose? Manuel (2011). Temas relevantes en teoría de la educación. Salamanca: Universidad de Salamanca
  - GARCÍA LÓPEZ, Rafaela, Vicent GOZÁLVEZ PÉREZ, Victoria VÁZQUEZ VERDERA e Juan ESCÁMEZ SÁNCHEZ (2011). Repensando la educación: cuestiones y debates para el siglo XXI (Observatorio Pedagógico). Valencia: Brief ediciones
  - NAVAL DURÁN, Concepción (2008). Teoría de la Educación. Un análisis epistemológico. Pamplona: EUNESA
  - GARCÍA ARETIO, Lorenzo, Marta RUIZ CORBELLA e Miriam GARCÍA BLANCO (2009). Claves para la educación. Actores, agentes y escenarios en la sociedad actual. . Madrid: Narcea.
  - DELORS, Jean (1998). La educación en el siglo XXI. Cuestiones y perspectivas. París: UNESCO
  - TRILLA, Jaume (Coord.) (). El legado pedagógico del siglo XX para la escuela del siglo XXI. Barcelona: Graó
  - MARI Y TARTE, Rosa María (2006). Diversidad, identidades y ciudadanía: la educación social como cultura ciudadana. Valencia: Nau Llibres
  - LIRIO CASTRO, Juan (2005). La metodología en Educación Social: recorrido por diferentes ámbitos profesionales. Madrid: DYkinson
  - TIANA, Alejandro, Florentino SANZ, Miryam CARREÑO e outros (2015). Génesis y situación de la Educación Social en Europa. Madrid: UNED
  - APPLE, Michael (1996). Política cultural y educación. Madrid, Morata.
  - GIROUX, Henry A. (2004). Pedagogía y política de la esperanza: teoría, cultura y enseñanza. . Madrid: Amorrortu
  - TORRES, Juan Carlos (2004). Educación, poder y biografía: Diálogos con educadores críticos.. Madrid, Siglo XXI.
- <br />



|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- NARANJO, Claudio (2004). Cambiar la educación para cambiar el mundo. La llave</li> <li>- ESTEVE ZARAGAZA, José Manuel (2003). La tercera revolución educativa. Barcelona: Paidós</li> <li>- FRYD SCHAPIRA, Paola (2010). Responsabilidad, pensamiento y acción: ejercer educación social en una sociedad fragmentada. Madrid: Gedisa</li> <li>- GARCÍA MOLINA, José (2009). Dar la palabra: deseo, don y ética en Educación Social. Madrid: Gedisa</li> <li>- GARCÍA MOLINA, José e Juan SAEZ CARRERAS (2006). Pedagogía Social: pensar la Educación Social como profesión. Madrid: Alianza editorial</li> <li>- PLANELLA RIBERA, Jordi (2009). Ser Educador: entre Pedagogía y Nomadismo. Barcelona: UOC.</li> <li>- VALLES HERRERO, Josep e María SENRA VARELA (2010). Compendio conceptual de Educación Social. Madrid: Pirámide</li> <li>- DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ, Guillermo (2016). La educación social: una profesión de compromiso en continua reflexión y construcción. ExLibric</li> <li>- LÓPEZ MARTÍN, Ramón (2014). Fundamentos políticos de la Educación Social. Madrid: Síntesis</li> <li>- MAYORDOMO, Alejandro (1995). Socialización, Educación Social, Clases populares, Estudios históricos. Valencia: Universitat de Valencia</li> <li>- QUINTANA CABANAS, José María (1994). Educación Social: antología de textos clásicos. Madrid: Narcea</li> <li>- CARIDE, José A., Rita GRADAILLE e M<sup>a</sup> Belén CABALLO (2015). De la pedagogía social como educación a la educación social como pedagogía. Perfiles educativos vol.37 no.148 México abr./jun.</li> <li>- CARIDE, José Antonio (2015). La educación social ante los Objetivos del Milenio y sus procesos de desarrollo. Revista de Educación Social, nº 61, pp 11-23</li> <li>- FONCILLAS, Mercedes e Cristina LAORDEN (2013). Tertulias Dialógicas en Educación Social: Transformando el Aprendizaje. RISE ? International Journal of Sociology of Education Vo I. 3 No. 3 October 2013 pp. 244-268</li> <li>- BASTIDA, Anna (1996). Educar en y para los derechos humanos: dinámicas y actividades. Madrid: Los libros de la Catarata</li> <li>- CARR, W. (2002). Una teoría para la educación. Madrid, Morata.</li> <li>- DELGADO, Francisco (2006). Hacia la escuela laica,. Madrid, Laberinto.</li> <li>- MARTINEZ BONAFE (Coord.) (2003). Ciudadanía, poder y educación. Barcelona, Graó.</li> <li>- POPKEWITZ, Thomas (2003). Historia cultural y educación: ensayos críticos sobre conocimiento y escolarización. . Pomares-Corredor</li> <li>- TRILLA, Jaume (1993). La educación fuera de la escuela, . Barcelona: Ariel</li> <li>- VIÑAO, Antonio (2002). Sistemas educativos, culturas escolares y reformas. . Madrid: Morata.</li> <li>- WHITTY, G., S. POWER e D. HALPIN (1999). La escuela, el Estado y el Mercado. Delagción de poderes y elección en educación.. Madrid: Morata.</li> <li>- Gerald SMALE, Graham TUSON y Daphne STATHAM (2003). Problemas sociales y trabajo social. Madrid: morata</li> <li>- McLAREN, Peter (2002). Formato único Rústica sin solapas Cómpralo 25.00 ? Pedagogía crítica y cultura depredadora. Madrid: Paidós</li> <li>- MARTÍNEZ GARCÍA, José Saturnino (2013). Estructura social y desigualdad en España. Madrid: La catarata</li> <li>- De Vita, Antonio (2012). La creación social. Relaciones y contextos para educar. Barcelona: Laertes</li> <li>- MONTANÉ LÓPEZ, Alejandra (Coord) (2014). Derechos humanos y educación social. Madrid: Germania</li> <li>- MARTINEZ RODRIGUEZ, Francisco (2013). educación, neoliberalismo y justicia social. Madrid: Pirámide</li> </ul> |
|------------------------------------|---|

### Recomendacións

**Materias que se recomienda ter cursado previamente**

**Materias que se recomienda cursar simultaneamente**

Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa/652G03002

**Materias que continúan o temario**

### Observacións



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías